

PUBLICIDAD

CELANOVA

Aberto o prazo en Celanova para os obradoiros de memoria

Laura Fernández

04/FEB./22



O Concello de Celanova, en colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense (AFAOR 2.0) e o Centro Sociocomunitario da vila, promove e patrocina unha nova edición dos obradoiros de memoria e estimulación cognitiva.

A actividade, que se impartirá os mércores de 16,30 a 18,00 horas, e os venres, de 10,30 a 12,00 horas, está aberta a todas aquelas persoas que o desexen. Nas sesións, que se desenvolverán no centro sociocomunitario ubicado no Mosteiro, se traballará a estimulación activa e cognitiva como fórmula de prevención desta complexa enfermidade con diferentes técnicas e dende un enfoque dinámico e divertido.

A organización sen ánimo de lucro xurdiu no 1995 para mellorar a calidade de vida dos usuarios enfermos de Alzheimer e apoiar aos cuidadores e familiares e, no 2010, foi declarada de Utilidade Pública.